



Ao meu fillo e aos monstros dos que un día conseguiu rirse.
Guadalupe

Aos meus pais polo seu cariño e apoio infinitos. Grazas.
Paula

UN MONSTRO EN APUROS

Guadalupe Acedo

Paula Jerez

Un monstro en apuros

Colección Miau
Primeira edición: enero 2025

Título orixinal: *Un monstruo en apuros*

© Ediciones Jaguar, 2025
C/ Peñuelas 26 C. Local 17-18. 28005 Madrid
www.edicionesjaguar.com

© Texto: Guadalupe Acedo, 2025
© Ilustracións: Paula Jerez, 2025
Representada por Tormenta www.tormentallibros.com
© Tradución: Vanesa López, 2025

 edicionesjaguar  edicionesJaguar
 ediciones_jaguar  Ed_Jaguar

Thema: YBC
ISBN: 978-84-10208-37-7
Depósito legal: 0000000
Impreso en España

TODOS OS DEREITOS RESERVADOS

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode realizarse coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei.

Dirixase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, www.cedro.org) se precisa fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.



miau


A HUMIDADE DA CAVERNA NA QUE VIVÍA PROVOCÁBAME
UNS ARREFRIADOS TREMENDOS; POR ISO VIN Á CIDADE.



MAIS, ENTÓN, EMPECEI A TER ALERXIA
AO FUME DOS COCHES.

COMO SEMPRE LEVO DOUS CANDIOLOS PENDENDO DA NAPIA,
NA ESCOLA DE MONSTROS DO BARRIO PUXÉRONME MOCALLO.





MUDEIME CON ESTA FAMILIA CANDO NACERON OS XEMELGOS.
NINGUNHA CASA EN CONDICIÓNS PODE PRESCINDIR DUN MONSTRO!

AÍNDA QUE ÁS VECES BOTABA EN FALTA A COVA,
A MIÑA VIDA CON ELES ERA MARABILLOSA...



ATA QUE CHEGOU TEGRA, A PEQUERRECHA.

COS XEMELGOS, TODAS AS MIÑAS ESTRATAXEMAS
FORAN UN ÉXITO. QUE BEN O PASABA METÉNDOLLES MEDO!

AI, QUE TEMPOS, CANDO ABRÍAN OS OLLOS COMO PRATOS
OU TREMÍAN COMA O MILLO AO VERME
NA ESCURIDADE DA NOITE!



OU CANDO SAÍAN COS PES BULINDO E SE AGOCHABAN NO BAÑO,
CHEOS DE NOXO POLOS MEUS MOCOS PEGAÑENTOS.
ADEMAIS, A MIÑA SATISFACCIÓN SEMPRE ERA DOBRE!